

# ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL VIGO

## Subvencións e axudas

*CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A VIVENDAS BALEIRAS PARA ALUGUEIRO A PREZO TAXADO NO CONCELLO DE VIGO PARA 2026-2027 por un importe total de 2.150.000€ euros.*

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/>).

### **Primeiro. Beneficiarios:**

As persoas físicas que teñan a condición de propietarias ou usufrutuarías dunha vivenda, que promovan e executen ou teñan executado nos exercicios 2026 e 2027 as actuacións para poñer a súa vivenda en réxime de alugueiro a prezo taxado durante 5 anos e cumpran os requisitos previstos nas bases reguladoras para acadar tal condición.

### **Segundo. Obxecto:**

Cubrir parte dos gastos para equipar a vivenda, realizar obras, ou redactar o Certificado de eficiencia enerxética obrigatorio, e/ou para contratar seguro de risco ou multirrisco mentres dure o contrato de alugueiro.

### **Terceiro. Bases reguladoras:**

As bases reguladoras están publicadas no BOP de Pontevedra nº 81, de 30 de abril de 2026 e na páxina web e portal de transparencia do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/avisos>).

### **Cuarto. Contía:**

A contía máxima das axudas se determinará atendendo ao tipo de subvención solicitada, en todo caso o importe máximo das obras subvencionables será de 30.000 euros e a contía máxima das subvencións será de 20.200€ por vivenda.

Ata o importe de 16.000 euros, a subvención municipal será do 80% do importe real e efectivo da obra, equipamento e honorarios, ata un máximo de 12.800 euros por todos estes conceptos descritos, co máximo da axuda de honorarios de 500 euros.

Entre 16.000 € e 30.000€ o Concello financiará o 30% dos gastos subvencionables con un límite de 4.200€.

O importe máximo da subvención municipal será de 17.000 € para obras por importe de 30.000€.

Adicionalmente o Concello de Vigo outorgará unha subvención máxima de 3.000 euros para subvencionar o contrato de seguros de impago e multirrisco durante os 5 anos de duración do contrato de alugueiro, co límite do 100% do importe dos seguros. Poderá solicitarse unha axuda de ata 200 euros, co límite do 100% para a redacción do certificado de eficiencia enerxética da vivenda, se non dispuxera deste certificado.

### **Quinto. Prazo de presentación de solicitudes:**

Desde o día seguinte á publicación do presente extracto no BOP de Pontevedra por conduto da BDNS e rematará o 01.10.2027.

### **Sexto. Concesión de subvencións:**

A concesión de subvencións será por concorrencia non competitiva, logo da comprobación do cumprimento dos requisitos establecidos nas bases e sempre que se dispoña de crédito orzamentario suficiente. A selección de beneficiarios será por rigorosa orde de presentación da solicitude e de toda a documentación completa á que se refire a Base 7ª mediante os impresos normalizados.

Vigo na data da sinatura dixital  
A Vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo  
María José Caride Estévez, Vicepresidente